



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE AGOSTO DE 2.008

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día vintenove de agosto de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1.- PROXECTO DE DISPOSICIÓN DE CREACIÓN DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL REALCIONADOS COA XESTIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.**

A solicitude do sr. Alcalde, o sr. Secretario informa verbalmente do contido do proxecto de disposición de creación dos ficheiros.

O voceiro do PSdG-PSOE, pregunta sobre o sistema que se seguirá para recabar tódolos datos que se especifican no proxecto.

Resposta o sr. Secretario que os datos se recaban a través do sistema regulamentario de xestión do padrón municipal de habitantes; ésto es, a través das altas, baixas e variacións, aportadas polos interesados ou polas administracións correspondentes.

A contunación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar o seguinte Proxecto de:

#### **REGLAMENTO DE CREACIÓN DEL FICHEROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL RELACIONADOS CON LA GESTIÓN DEL PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES**

La Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, establece una serie de medidas de obligado cumplimiento para “garantizar y proteger en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas y, especialmente, de su honor e identidad personal y familiar”.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en tanto gestor del fichero creado como consecuencia del cumplimiento de sus funciones legalmente encomendadas de formación del Padrón Municipal de Habitantes, pretende con la presente disposición adaptar su gestión al nuevo marco legal protector del derecho fundamental de la intimidad.

En virtud de lo expuesto, se dispone:

Artículo 1. Se crea el fichero de datos de carácter personal “Padrón Municipal de Habitantes automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”, que se regula en el anexo de la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.

Art. 2. Se crea el fichero no automatizado de datos de carácter personal “Padrón Municipal de Habitantes no automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”, que se regula en el anexo a la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.

Art. 3. Las medidas de seguridad para la protección de datos personales contenidos en el fichero informatizado que se crea serán las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.

### ANEXO I

Fichero “Padrón Municipal de Habitantes automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”

1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Secretaría del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

3. Denominación y descripción del fichero:

a) Denominación: “Padrón Municipal de Habitantes automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”.

b) Descripción: registro de población del municipio, documento básico para efectos administrativos y prueba de residencia.

4. Carácter del fichero: automatizado.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

5. Sistema de informatización al que pertence: Padrón Municipal de Habitantes.

6. Tipos de datos de carácter personal que se incluirá:

a) De carácter identificativo:

- Nombre y apellidos.
- Documento nacional de identidad/pasaporte o documento oficial análogo para los ciudadanos extranjeros.
- Dirección postal.
- Teléfono.

b) De características personales:

- Fecha de nacimiento.
- Lugar de nacimiento.
- Sexo.
- Nacionalidad.
- Estado civil.

c) Académicos y profesionales:

- Formación, titulaciones.

7. Descripción detallada de la finalidad y usos previstos: registro de población del municipio. Documento básico para efectos administrativos y prueba de residencia. Explotación estadística.

8. Personas sobre las que se pretende obtener datos: personas residentes en el municipio.

9. Procedencia y procedimiento de recogida de datos: los datos son facilitados por el propio interesado o su representante legal, comunicados por registros públicos y Administraciones Públicas.

10. Órganos o entidades destinatarias de las cesiones previstas:

Cualquier administración u organismo público que acredite necesitarlo en el ejercicio de las competencias propias en los términos previstos en el artículo 16 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local.

11. Nivel y medidas de seguridad: nivel básico. Las medidas correspondientes a este nivel son las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.

### ANEXO II

Fichero “Padrón Municipal de Habitantes no automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”

1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Secretaría del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

3. Denominación y descripción del fichero:

a) Denominación: Padrón Municipal de Habitantes no automatizado del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.

b) Descripción: registro de población del municipio, documento básico para efectos administrativos y prueba de residencia.

4. Carácter del fichero: no automatizado.

5. Tipos de datos de carácter personal que se incluirá:

a) De carácter identificativo:

- Nombre y apellidos.
- Firma.
- Documento nacional de identidad/pasaporte o documento oficial análogo para los ciudadanos extranjeros.
- Dirección postal.
- Teléfono.

b) De características personales:

- Fecha de nacimiento.
- Lugar de nacimiento.
- Sexo.
- Nacionalidad.
- Estado civil.

c) Académicos y profesionales:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

— Formación, titulaciones.

6. Descripción detallada de la finalidad y usos previstos: registro de población del municipio. Documento básico para efectos administrativos y prueba de residencia. Explotación estadística.

7. Personas sobre las que se pretende obtener datos: personas residentes en el municipio.

8. Procedencia y procedimiento de recogida de datos: los datos son facilitados por el propio interesado o su representante legal, comunicados por registros públicos y Administraciones Públicas.

9. Órganos o entidades destinatarias de las cesiones previstas:

Cualquier administración u organismo público que acredite necesitarlo en el ejercicio de las competencias propias, en los términos previstos en el artículo 16 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local.

10. Nivel y medidas de seguridad: nivel básico. Las medidas correspondientes a este nivel son las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.”

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2007**

Expón o sr. Alcalde que neste punto da orde do día preténdese aprobar a conta xeral do ano 2007, que xa foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas.

Recorda que a conta xeral confeccionouse con estricto respecto das normas contables aplicables a administración local, e que se trata dun documento esencialmente técnico.

Fai uso da palabra o sr. López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que trae ca colación a posición mantida polo concelleiro do seu grupo na comisión especial de contas, na que se manifestou en contra da súa aprobación por varios motivos:

- En primeiro lugar, porque, tal e como indica a Interventora no seu informa a conta xeral, na súa confección non se seguiu unha contabilidade por programas de gasto.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- Que existe un falso remanente de tesourería positivo, xa que non se contabiliza o remanente de tesourería para gastos con financiación afectada. Non entende porqué non existe remanente para gastos con financiación afectada.

- Porque o informe de Intervención advirte que a Conta Xeral se presentou a Comisión Especial de Contas fora de prazo.

- Por último, porque a conta xeral é o reflexo contable dun orzamento co que non poden estar de acordo.

Intervén o sr. Arcadio Lombao Román, voceiro do Grupo Municipal do BNG, que solicita que solicite que o sr. Alcalde explique porqué se presentou fora de prazo á Comisión Especial de Contas.

Asemade, indica que como a conta xeral é a consecuencia lóxica dun orzamento co que non están de acordo, non poden apoiar a súa aprobación.

O sr. Alcalde informa que unha cousa é o Orzamento e outra ben distinta é a Conta Xeral. Cando se debate o Orzamento se debate a asignación de recursos, cando se debate a Conta se debate a corrección técnica da súa confección.

No tocante a extrañeza do sr. Varela sobor a inexistencia de remanentes de tesourería para gastos con financiación afectada, respóstalle que esa inexistencia é unha mostra da rigurosidade da execución orzamentaria e a capacidade de xestión municipal. Cando se recaudan impostos dos cidadáns existe a obriga de invertilos, non de paralizar ditos fondos.

Asemade, recorda que non existiron modificacións de creto, que evidencia unha confección orzamentaria moi axeitada.

A presentación da conta a Comisión Especial de Contas cun pequeno retraso débese a que a Interventora tomou posesión a mediados de febreiro, e entre que aterra no posto de traballo e retoma o traballo vai pasando o tempo.

Insiste en que aquí non se trata de debatir o orzamento, senón de corroborar a solvencia técnica do documento. Si se considera que a conta esta correctamente elaborada e un exercizo de responsabilidade votar a favor.

Rematado o debate, sometese a votación a seguinte proposta de resolución:

“aprobar a conta xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercizo orzamentario 2008”.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada por seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### **3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

A instancias do Sr. Alcalde, o Sr. Secretario da Corporación dá conta sucinta do contido e alcance da rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

Non xurdindo debate, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Aprobar a seguinte rectificación do inventario municipal de bens e dereitos:

**“VIAL Nº 32**

**CABOY**

NOME:

Dende o termo municipal de Rábade (na parcela 180 do polígono 26) ata a confluencia co camiño público municipal nos lindes da parcela 192 do polígono 26.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOY

Núcleo/lugar: ASTARIZ

Lindeiros:

NORTE: fincas 800, 666 e 667 do polígono 26;

SUR: fincas 192, 599, 196, 185, 131 e 180 do polígono 26;

LESTE: camiño público;

OESTE: Termo municipal de Rábade.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: lonxitude aproximada: 255 metros lineais. Anchura aproximada: 5 metros lienais. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescrición inmemorial.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### VIAL Nº 33

#### CABOY

##### NOME:

Camiño entre os termos municipais de Rábade e Outeiro de Rei, dende a finca 689 ata a 663 do polígono 27.

##### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

##### SITUACIÓN:

Parroquia: CABOY

Núcleo/lugar: ASTARIZ

Lindeiros:

NORTE: termo municipal de Rábade.

SUR: fincas 689, 665, 10050, 10042, 10038, 10012, 10037, 10041, 691 e 663 do polígono 27;

LESTE: termo municipal de Rábade.

OESTE: Camiño público municipal.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: lonxitude aproximada: 650 metros lineais. Anchura aproximada: 5 metros lineais. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescrición inmemorial.

### VIAL Nº 34

#### VILELA

##### NOME:

Camiño entre parcelas 61 e 10076 do polígono 95.

##### NATUREZA DO INMOBLE:





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Uso público

Prescrición: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: CABADAS

Lindeiros:

NORTE: parcelas 51, 10050, 60 e 10045 do polígono 95.

SUR: fincas 61, 10040, 10041, 50 e 10070 do polígono 95;

LESTE: camiño público municipal.

OESTE: Camiño público municipal.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: lonxitude aproximada: 340 metros lineais. Anchura aproximada: 5 metros lineais. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescrición inmemorial.

### **VIAL Nº 35**

#### **CELA**

### NOME:

Camiño entre parcelas 1 e 320 do polígono 2.

### NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: TRABANCA

Lindeiros:

NORTE: camiño público municipal.

SUR: camiño público municipal.

LESTE: dende a parcela 148 ata a parcela 1 do polígono 2.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

OESTE: dende a parcela 320 ata a parcela 2 do polígono 2.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: lonxitude aproximada: 774 metros lineais. Anchura aproximada: 5 metros lineais. Sen pavimentar.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescrición inmemorial.”

Realizada a votación, a proposta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **4. MOCIÓNS.**

O sr. Alcalde dá conta dos escritos que, baixo a denominacións de mocións, presentou o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con números de rexistro de entrada 2073, 2074 e 2075.

Recorda o sr. Alcalde que as propostas de actuación dirixidas a outros órganos do concello teñen a natureza de Rogos, non de mocións. Xa que a moción é unha proposta de resolución dirixida ao Pleno da Corporación que debe versar sobor materias da súa competencia.

En tanto as actuacións que se propoñen nos escritos citados son de competencia da Alcaldía ou da Xunta de Goberno, ditos escritos serán tratados como Rogos a ditos órganos.

### **5. ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo sr. Alcalde se da conta dos seguintes escritos presentados polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con números de rexistro de entrada 2073, 2074 e 2075, que participan da natureza de Rogos:

*O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### *MOCIÓN :*

*A situación actual na que se atopan algunhas fontes no noso concello, en moitos casos e deficitaria.*

*As fontes de Candai e Aspai, atópanse nunha situación de total abandono. E dicir totalmente cubertas por maleza, así como a cantería precisa de una urxente limpeza.*

*Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

### *ACORDO :*

*A limpeza do entorno que as rodea, así como a rehabilitación e limpeza das mesmas, e o mantemento periódico das fontes anteriormente citadas.*

*En Outeiro de Rei a 25 de agosto do 2008*

*Asdo.: Miguel Angel López Varela  
Voceiro do PSdeG-PSOE*

Ante este escrito, o sr. Alcalde informa que o Concello de Outeiro de Rei está a traballar de seguido no mantemento e limpeza dos camiños municipais e, tamén, das súas fontes. Ademáis, e a pesares da escasa axuda que brinda a Xunta de Galicia para estas labores, e do importante esforzo orzamentario que fai o concello, o nivel de limpeza e conservación é moi aceptable.

Certo é que estas fontes das que aquí se fala non están perfectamente limpas, pero existen situacións moito máis graves neste concello que esixen unha solución moito máis urgente, como é o caso das estradas provinciais, totalmente invadidas de maleza por falta dun desbroce axeitado, e que implican un serio risco para a seguridade vial.

En calquer caso, o equipo de goberno seguirá a traballar nas medidas das súas posibilidades.

*O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e*



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

*réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*

### *MOCIÓN :*

*A situación actual na que se atopan as paradas de bus e transporte escolar no noso concello, e de un abandono singular.*

*Coa próxima chegada do curso escolar, cremos que é necesario e urxente a limpeza dos casetos que están nas paradas de bus.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponho o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

### *ACORDO :*

*O acondicionamento e limpeza dunha maneira inminente dos casetos e do entorno que os rodea, antes do escomenzo do curso escolar.*

*En Outeiro de Rei a 25 de agosto do 2008*

*Asdo.: Miguel Angel López Varela  
Voceiro do PSdeG-PSOE*

Reitera o sr. Alcalde os argumentos expostos con respecto ao rogo anterior, e engade que, nestes intreos, os servizos municipais están a traballar no entorno do colexio para que esté adecentado para cando comence o curso escolar.

Insiste en que o concello está a facer todo o que pode nas labores de limpeza, a pesar de que nestas épocas parte do persoal se atopa de vacacións e de que o concello non recibe asistencia axeitada doutras administracións.

*O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*

### *MOCIÓN :*



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

*A situación actual na que se atopan as vías de comunicación no noso Concello, en moitos casos e deficitaria.*

*O camiño que se inicia no cruce da escola de Taboi, coñecido como a pista das Pontellas, atópanse totalmente desfeito nun tramo aproximadamente de 250 metros, o estado do firme, nas zoas asfaltadas e practicamente intransitable, habendo gran cantidade de baches , conlevando un grave perigo para a circulación.*

*O camiño que se inicia no barrio de Xigan en Taboi, ata o barrio de Ver en Cela, que discurre por entre a Agras do Rio e a de Taboi, cunha lonxitude aproximadamente de 1400 metros, é un camiño con elevado tránsito de vehículos debido a que comunica coas dúas parroquias anteriormente citadas e o Concello de Cospeito, atopándose o seu firme en condicións precarias para a circulación que soporta.*

*O camiño que está no Barrio da Veiguicela, que vai dende a coordenada UTM ( 614038, 4777038 ) ata a coordenada ( 614384, 4776706 ) cunha distancia aproximada de 500 metros atópase con un firme inadecuado para o tránsito adecuado dos vehículos.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponho o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

### **ACORDO :**

*1.- O arranxo do asfaltado do camiño coñecido como a pista das Pontellas, co fin de restablecer a normalidade do tráfico rodado.*

*2.- O asfaltado do camiño que se inicia no barrio de Xigan en Taboi, ata o barrio de Ver en Cela, co fin de mellorar o tráfico rodado.*

*3.- O asfaltado do camiño que se indicou anteriormente no Barrio da Veiguicela, entre as coordenadas citadas, co fin de mellorar o tráfico rodado.*

*En Outeiro de Rei a 25 de agosto do 2008*

*Asdo.: Miguel Angel López Varela  
Voceiro do PSdeG-PSOE*

O sr. Alcalde confirma que o camiño coñecido como a pista das Pontellas non está en moi boas condicións, e recoméndalle que aos colaboradores seus daquela zoa (él xa llo dixo algunha outra vez) lles indique que non boten tanta terra polo asfalto, xa que este xeito poderá manterse en mellores condicións.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

No relativo ao segundo camiño, infórmalle ao sr. Varela que por aquel camiño non vai a Cospeito, polo que ou lle deron mal a información ou a entendeu mal. En calquer caso, é un camiño que vai por unha agra, con cuneta, pavimentado en zahorra e sen baches ou con moi poucos. Para ser un camiño que vai a fincas está nun estado aceptable.

O Alcalde asegura que lle gustaría que tódolos camiños do concello estivesen asfaltados, pero ante o limitado dos cartos, hai que dar preferencia os que van as casas. Este camiño está axeitadamente conservado para a circulación dos tractores e vehículos propios dos servizos e labor propias de ditas fincas.

Para o tráfico dos turismos, existen estradas asfaltadas entre Taboi e Cela e que conectan Taboi, Cela e Outeiro de Rei con Cospeito. Non estaría mal asfaltar dito camiño, pero existen actuacións máis prioritarias.

No referente ao camiño que vai dende a coordenada UTM ( 614038, 4777038 ) ata a coordenada ( 614384, 4776706 ). Dito camiño poderíase identificar dun xeito máis doado como o que vai pola casa do Inglés. E a casa do Inglés ten acceso a camiño asfaltado, o que vai de Santa Mariña a Cela. As outras casas que hai máis adiante tamén teñen entrada a camiño asfaltado. A única casa que non ten camiño asfaltado é a da súa colaboradora que vai as veces de interventora polo PSdG-PSOE.

E debería saber (de non ser pola descoordinación do bipartito) que dito camiño, o das coordenadas, está metido nun plan da Consellería do Medio Rural que esperemos que se faga.

A continuación, o sr. Alcalde da lectura ao escrito de preguntas presentado con data de rexistro de entrada de 28 de agosto de 2008, polo Grupo Municipal do BNG, e do seguinte teor literal:

*“ARCADIO LOMBAO ROMÁN E DULCE NEIRA FRAGA, como concelleiros integrantes do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes preguntas para a súa resposta por parte da Alcaldía.*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*A finais do mes de xullo por parte do Concello de Outeiro de Rei procedeuse á apertura dun camiño entre os barrios de Ferreira e Maceda, da parroquia de Mosteiro, sen que o Concello falase con boa parte dos veciños e veciñas afectados/as.*

*Por outra parte na apertura do citado camiño invadiuse, unicamente, o terreo das fincas pertencentes ao barrio de Maceda.*



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

*Por elo, formulamos as seguintes*

### *PREGUNTAS:*

- 1. O camiño que abriu o concello é propiedade municipal?*
- 2. Que xestións fixo o concello diante dos veciños afectados, para proceder á apertura do citado camiño?*
- 3. Se o camiño non é propiedade municipal, ten o concello autorización dos propietarios para proceder á citada actuación?*
- 4. Que criterios seguiu o concello para a apertura do camiño polo lugar en que o fixo?*
- 5. Porqué razóns a escorrentía e a pendente vai toda en dirección ás fincas de Maceda?*

*Outeiro de Rei, 27 de agosto de 2008.*

*Asdo.: Arcadio Lombao Roman*

*Asdo.: Dulce Neira Fraga*

Resposta o sr. Alcalde que o camiño é municipal, se ben non se trata dunha apertura de camiño, senón dun ensanche dun camiño preexistente. E dito ensanche non é senón o remate do ensanche comenzado fai cinco anos da estrada dende Bonxe a San Fiz e que agora conecta coa estrada que vai ata o CEAO.

Ese tramo non se poido facer no seu día, pero o feito de que se construíron casas por alí e que houbo certas cesións de viais que permitiron o ensanche, levou a xestionar o ensanche.

Non obstante, aínda quedan cousas por facer, xa que ata o momento únicamente se abriu coa pala e se botou zahorra.

No tocante as xestións do concello para a ocupación dos terreos, e ao marxe das cesións obrigatorias de viais das vivendas que alí existen, pode dicirle a lo menos nove familias coas que se falou e que xa retranquearan os cerres e xa cederan os terreos para o ensanche.

Non se descarta que quedara algún propietario de que non se recabase o consentimento, pero sería por descoñecemento e a día de hoxe non se ten constancia delo.

Por último, respecto da pregunta relativa ás escorrentías, insiste en que o camiño non está acabado, e que posiblemente haberá que abrir cuneta dese lado,



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

pero que de calquer xeito, as escorrentías teñen que ir necesariamente para a cota máis baixa, e ditas fincas están máis baixas que o camiño.

Volta a asegurar que se abrirá cuneta de ese lado do camiño, e que por aquel entón non se poido facer porque non disputan máis tempo da motoniveladora, pero que se fará.

A Continuación, dáse lectura en viva voz ao escrito de preguntas presentado polo voceiro do Grupo Municipal do PSdg-PSOE, con data de 29 de agosto de 2008 e número de rexistro 2110, do seguinte teor literal:

*“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS ó Equipo de Goberno, con relación o punto 5º da Orde do Día do Pleno da data:*

*1ª ¿Ten constancia o Sr. Alcalde, dos problemas que hai no alumado público de Constante?. ¿Ten constancia do número de chamadas que se fixeron ao Concello para solventar o problema? ¿Pensa facer algo para solventar as deficiencias?.*

*2ª ¿E consciente o Sr. Alcalde no lamentable estado que se atopa o contenedor de Santo Tomé? ¿Ten constancia do número de chamadas que se fixeron ao Concello para solventar o problema? ¿Considera urxente solucionar este problema? ¿? Que previsións ten de cara a elo?*

*3ª ¿Podría decir dunha forma aproximada, en porcentaxe ( e dicir en tanto por cen), que volume de obra está xa realizada do proxecto definitivo da urbanización de Triacua?.*

*4ª ¿Podría explicar en que situación se atopan os terreos de cesión obligatoria onde ubicar o aproveitamento lucrativo correspondente ao Concello, no plan de sectorización RA-49 e reparcelación do meso?*

*5ª ¿Podría explicar como se vai a financiar o vial, que se atopa sin facer, e que une a urbanización de Os Alargos II coa urbanización de Triacua, e a canto ascende o importe da realización do mesmo?.*

*En Outeiro e Rei a 29 de Agosto de 2.008  
Asdo.: Miguel Angel López Varela.”*

En resposta a estas preguntas o sr. Alcalde asegura o seguinte:

A información que aporta no escrito de preguntas é errónea ou está sesgada, xa que un día antes da súa presentación os focos dos que se fala foron arranxados. Ademáis, unicamente existía unha chamada ao concello, datada do día





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

27, comunicando a avería. Dita chamada provenía da casa de Fandiño. Asemade, o mesmo día arranxouse outro foco na casa de Fontes, na casa de Sendín e outro donde estaba antes o tema dos yogures, e a pesares de que de ditas averías non se avisou previamente.

Ademáis de que ditos focos xa están arranxados, creo que porque se averíe unha luminaria non se pode falar de problemas no alumado público de Constante.

No relativo ao contenedor de Santo Tomé, o problema é que lle roubaron as rodas. En calquer caso, periódicamente se substitúen os contenedores por outros novos, en función do seu estado de conseración. Asemade, informa que non ten constancia da existencia das numerosas chamadas das que fala. Por outra banda, a situación actual do contenedor non implica risco ningún.

Non lle pode falar de porcentaxes de execución, xa que non ten un estudo de porcentaxes. Do que dispón o Concello é dos informes técnicos de valoración das obras pendentes de execución, cuxas copias xa se facilitaron as persoas afectadas.

En contesta a situación dos terreos de cesión obligatoria pertencentes ao sector RA-49, resposta que ditas cesións foron obxecto de monetarización, tal e como permitía a legislación vixente por aquel entón.

Por último, o sistema de financiación e valoración do vial de conexión entre Os Alargos II e Triacua recóllese nos informes citados, e debería saber que, como sistema adscrito ao Sector, débese financiar necesariamente polos propietarios de terreos incluídos no mesmo.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

O Alcalde,

O Secretario,